



Manuel Pérez Lorenzo, en nome e en calidade de presidente da **Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo** (CIF G70150065) con Sede Social no enderezo Rúa Lagoa nº 44 (portal nº 6) CP 15160 de Sada, con enderezo electrónico info@suarezpicallo.gal, diante da **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, F.P. e Universidades**, formula:

Alegacións ao expediente alusivo á RESOLUCIÓN do 1 de agosto de 2023, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural o edificio do Museo Galego de Arte Contemporánea Sargadelos-Carlos Maside, no termo municipal de Sada (A Coruña), e a súa colección de arte.

A **Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo** de Sada, con CIF G70150065 figura inscrita na sección primeira do Rexistro Central de Asociacións da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes por resolución de 14 de xaneiro de 2008, co número 2008/11164-1, en cumprimento dos requisitos derivados da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Os Estatutos da Asociación, visados, incorporados ao correspondente rexistro da Xunta e actualizados con data 11 de febreiro de 2020, recollen como fins principais “A investigación da historia de sadenses ilustres, a recuperación da súa obra e a súa difusión”.

Isaac Díaz Pardo é un ilustre sadense de adopción, nomeado fillo adoptivo polo Concello de Sada e xunto coa súa dona Mimina Arias de Castro, creadores dunha da

industria cultural máis importante da Galiza do século XX, coa denominación de Cerámicas do Castro, no Castro de Samoedo en Sada.

A Dirección Xeral de Patrimonio vén de publicar a *RESOLUCIÓN do 1 de agosto de 2023, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural o edificio do Museo Galego de Arte Contemporánea Sargadelos-Carlos Maside, no termo municipal de Sada (A Coruña), e a súa colección de arte.*

No apartado oitavo da citada Resolución establécese “Abrir un período de información pública durante o prazo dun mes, que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación, co fin de que as persoas que poidan ter interese teñan a posibilidade de examinar o expediente e alegar o que consideren conveniente”.

A Xunta Directiva da Asociación, reunida o pasado día 5 de setembro de 2023 acordou por unanimidade personarse no expediente e formular as seguintes

ALEGACIÓNS

1.- Pola necesidade de preservar a verdade histórica e a obra de Isaac Díaz Pardo

Desde o punto de vista histórico e legal, Cerámicas do Castro nace en Sada no ano 1949 a través dunha sociedade creada por Isaac Díaz Pardo, Federico Nogueira Pazo e José Rey Romero como socios. É, desde un primeiro momento, o propio Díaz Pardo quen asume a dirección da fábrica, tanto a nivel empresarial como artístico. As súas funcións son múltiples e van desde o deseño de boa parte das creacións, así de figuras de porcelana como de pezas utilitarias (vaixelas, xogos de café, etc.) ata a realización de tarefas de enxeñaría e á concepción, desde o punto de vista estético, de boa parte dos elementos arquitectónicos. Baixo a coordinación de Isaac, as producións do Castro acadan un nivel de calidade, así a nivel técnico como artístico, insólito a nivel estatal, consolidando a marca e facendo medrar á empresa, que acada un importante volume de traballadoras e traballadores e amplíase cunha nova planta de produción. Pero

ademais, Isaac consegue que a porcelana fabricada no Castro, polas súas características formais e iconográficas, sexa unha proxección da identidade cultural galega. Así, nun contexto de ditadura e de regresión cultural en Galiza, no Castro faise arte industrial con fortes trazos identitarios que chega a milleiros de fogares.

Porén, non só isto fai de Cerámicas do Castro unha empresa singular. Díaz Pardo, en colaboración con outras figuras da cultura galega e nomeadamente con Luis Seoane, vai crear unha verdadeira industria cultural. Arredor da fábrica van ir xurdindo outras iniciativas, como o Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside, a editorial Edicións do Castro, o Laboratorio de Formas de Galicia, o Laboratorio de Industria e Comunicación do Castro, que acolleu ao Laboratorio Xeolóxico de Laxe, etc. Estas entidades van colaborar poderosamente á dignificación e expansión da cultura galega, achegando plataformas para a promoción de escritores e artistas, para a difusión da produción científica e para recuperación da memoria histórica democrática. Tamén van facer do Castro o principal nexo entre a Galiza sometida pola ditadura e un exilio no que se atopaban as grandes figuras da súa intelectualidade.

O obxecto e finalidade cultural, que excede sempre do proxecto propiamente empresarial-productivo, foi tamén expresamente recoñecido pola propia Xunta de Galiza, ao outorgar ao Laboratorio de Formas o Premio Nacional da Cultura Galega do 2008.

Cerámicas do Castro vai ser, ademais, o xermolo doutras iniciativas empresariais. Xa nos anos 50, coas ganancias que proporciona, Isaac inicia unha nova aventura creativa alén do mar en Magdalena (República Arxentina) e posteriormente a finais dos anos 60 e primeira metade dos 70 pon en marcha, con persoal e tecnoloxía xa probada en Sada, a fábrica de Sargadelos de Cervo. Chama poderosamente a atención que ese complexo, posterior ao do Castro, fora declarado BIC no seu conxunto, e no caso de Sada se restrinxa exclusivamente ao edificio do Museo Carlos Maside.

2.- Pola necesidade de visibilizar a figura de Carmen Arias de Castro, “Mimina”, sen cuxa participación activa non sería posible a obra de Isaac tal como é coñecida.

Aínda que a súa esposa Mimina non figura na Sociedade constituída inicialmente, é sobre os terreos propiedade da súa familia onde bota a andar este complexo industrial e cultural. As cocheiras do Pazo do Castro de Samoedo e as parcelas lindeiras van acoller a unha empresa que tres anos despois de súa fundación xa contaba cunha plantilla de 100 persoas. Porén, a súa participación non fica aí. Mimina coordina a decoración da porcelana, creando numerosos deseños, xoga un papel fundamental como mestra de decoradoras e concibe e leva á práctica a produción de xoias en porcelana. É a autora de deseños que aínda hoxe se comercializan. Ademais, no tempo en que Isaac estivo na Arxentina, é ela quen queda ao cargo da fábrica do Castro.

3.- Por coherencia na actuación da propia Dirección Xeral de Patrimonio, que declarou BIC o conxunto da fábrica de Cervo e pretende limitalo en Sada ao museo Carlos Maside.

Cerámicas do Castro é o xermolo da fábrica de Sargadelos de Cervo, que foi declarada no seu conxunto BIC. A empresa de Sada medraba con Isaac como director, que ademais controlaba a produción, inventaba máquinas, fornos, procesos de fabricación e ata normas de traballo para o persoal ao que se formaba na propia empresa, tal e como acreditan persoas que aínda viven en Sada e que manifestan que recibían escola na propia fábrica.

A RESOLUCIÓN do 25 de xaneiro de 2013, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoou o procedemento para a declaración de ben de interese cultural, coa categoría de monumento, a favor da Fábrica de Cerámica de Sargadelos ligada ao Laboratorio de Formas, no termo municipal de Cervo (Lugo) recollía como xustificación, entre outras cousas, que “A Fábrica de Cerámica de Sargadelos ligada ao Laboratorio de Formas constitúe, pois, un exemplo singular e único de industria, na cal o proceso industrial era parte dun proxecto cultural moito mais ambicioso de rexeneración cultural e social de Galicia e no cal o Laboratorio de Formas e as actividades culturais e de investigación derivadas del e da fábrica conformaron unha realidade sobranceira de vangarda diferencialista galega”.

Se a fábrica de Sargadelos é un exemplo singular e único no cal o proceso industrial era parte dun proxecto cultural máis amplo, resulta e vidente que a fábrica do Castro non o é en menor medida. É no Castro onde se poñen a andar todas as iniciativas que

vimos no punto 1 (o museo Carlos Maside, Edicións do Castro, etc.), onde tivo o seu estudo Luis Seoane, onde se producían todos os veráns cursos internacionais de cerámica, onde seguen a funcionar as máquinas e os fornos deseñados por Isaac... Tamén desde o punto de vista arquitectónico o complexo do Castro é tremendamente singular. Anexa ao antigo pazo da familia de Carmen Arias, consérvase aínda a fábrica primitiva, na que botou a andar a empresa nos anos 40. Nestas dependencias, morada do propio Isaac nos seus últimos anos, sitúase o seu estudo. Outros edificios, obra de Fernández-Albalat coa indubidable pegada de Isaac, constitúen fitos do deseño arquitectónico contemporáneo galego: a planta de produción, o LICSA e o propio museo Carlos Maside. Conviven, ademais, con pezas artísticas de grande valor estético e profundo significado, como é o mural de Luís Seoane ou a dedicada a Castelao por Francisco Pérez Porto, por non mencionar os moitos elementos mobles irremprazables, utilitarios e artísticos, que conteñen as diferentes dependencias. Todo isto forma parte dun conxunto que non debe ser fragmentado, na medida en que uns elementos explican aos outros.

Por iso, non se pode entender como en Cervo se contemplou a globalidade e en Sada a declaración como BIC se restrinxe ao museo. Non poñemos en dúbida que o Carlos Maside é merecente de tal cualificación BIC coa categoría de monumento (que, por certo, levamos anos reivindicando) pero tamén o é o conxunto do complexo, seguindo a mesma argumentación utilizada para declarar Cervo.

4.- Por garantir o desenvolvemento normal da actividade empresarial no Castro

No apartado 5 (valoración cultural) do Anexo da Resolución de incoación, alúdese, como fundamentación da non inclusión no BIC do conxunto do complexo, a “outros condicionantes, como o da funcionalidade produtiva e a flexibilidade de usos”.

A declaración BIC do conxunto das instalacións do Castro non suporía ningún impedimento ou limitación para o desenvolvemento ou mesmo ampliación sustentable e respectuosa do interese patrimonial da actividade empresarial actual. Tampouco na Resolución de 1 de agosto de 2023 se concretan nin precisan ditos condicionantes nin cal podería ser a afectación funcional-productiva de tal declaración

BIC (que, desde o punto de vista legal, e respecto dos usos, son os indicados nos arts. 22.5 e 39.1 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia).

A limitación de usos e condicionantes e limitacións urbanísticas quen a establece, e para o conxunto do ben delimitado patrimonial, (Código 14-1 do Catálogo de Patrimonio) é o PXOM de Sada.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada, aprobado definitivamente pola Xunta de Galiza a través da Orde de 11 de outubro de 2017 e publicado no DOG nº 227 do 29 de novembro de 2017), recolle textualmente na memoria xustificativa (Tomo III): “o Plan reconece como solo urbano de uso global industrial, os enclaves empresariais de Espírito Santo – Soñeiro e o complexo de “Cerámicas do Castro”, incluíndo tanto as áreas consolidadas de conformación histórica como os ámbitos desenvolvidos en base ás previsións do planeamento anterior”.

O que a propia Memoria resume especificamente, no referido ao Complexo industrial tradicional “Cerámicas do Castro” : “A ordenación do solo urbano do complexo “Cerámicas do Castro” supón o mero recoñecemento do enclave existente, cos seus valores históricos e culturais a protexer e cunha ordenanza de conservación e mantemento do patrimonio edificado”.

Tal clasificación de solo urbano consolidado e, como agora diremos, suxeito a unha ordenanza específica e condicións específicas, foi o resultado dunha previa interlocución e acordo coa Xunta de Galicia, tal e como consta no Informe técnico da equipa redactora do PXOM : “Cambio de clasificación dos terreos do complexo de Cerámicas do Castro. No documento do PXOM aprobado provisionalmente os terreos e edificacións do complexo de Cerámicas do Castro estaban clasificados de solo de núcleo rural cunha ordenanza de uso terciario (NRC-3). Mediante esta cualificación pretendíase recoller dentro da ordenación do núcleo rural do Castro os terreos nos que se desenvolven as actividades e usos deste complexo produtivo e cultural que goza de gran prestixio e recoñecemento nun contexto de identidade coa historia e a cultura recente de Galicia. O complexo está constituído por varias edificacións de distintas datas; de tipo fabril e artesanal, museísticas, científico-culturais, deportivas,...

Porén, as determinacións propias do solo de núcleo rural, coas limitacións en relación aos usos e tipoloxías industriais e de limitación da altura da edificación (un dos edificios acada as 5 plantas) xerou dúbidas no equipo redactor sobre a adecuación da

ordenación outorgada dende o Plan Xeral xa que a realidade do construído quedaría en situación de desconformidade co planeamento. Ditas dúbidas foron expresadas nas reunións cos técnicos da Secretaría Xeral de Urbanismo, previamente á emisión da Orde do 30 de xaneiro, para finalmente, considerar como mellor opción de ordenación a de outorgar a ditos terreos a clasificación de solo urbano, mediante a asignación dunha ordenanza de conservación e mantemento das características de uso e tipoloxía actuais”.

O obxecto e finalidade do PXOM foi, en consecuencia, deixar o conxunto do complexo en réxime de ordenación, posibilitando a continuidade da actividade produtiva-empresarial, asociada á fabricación de produtos cerámicos, así como outros usos como os culturais.

E así se recolleu, incorporando o complexo á Ordenanza SU-4, precisando na normativa do PXOM, o seguinte : “No enclave do complexo Cerámicas do Castro establécense unicamente como usos principais pormenorizados, o industrial en categoría 2ª, na modalidade de fabricación e comercialización de produtos cerámicos, e o de actividades recreativas, sociais e culturais nas categorías 1ª, 3ª, 4ª e 8ª (comedor de empresa)”.

E, en canto ás condicións de volume, ocupación e de aproveitamento, determínase o seguinte : “Como regra xeral, determínase o recoñecemento das condicións existentes, en tanto que o proceso edificatorio se considera rematado, non admitíndose maior ocupación, volume ou aproveitamento”.

Unhas determinacións de usos e urbanísticas do PXOM de Sada que nin consta que fosen obxecto de impugnación por parte da empresa nin moito menos impeditivas ou limitadoras da continuidade funcional-productiva da empresa.

É indubidable, pois, que a continuidade da actividade industrial está plenamente garantida xa con esa aprobación do PXOM por parte da Xunta. A declaración, coa categoría de monumento, do conxunto das cerámicas do Castro, en nada prexudicaría nin á actividade industrial existente nin ás traballadoras e traballadores, como así o confirmaba o Decreto 171/2014 do 26 de decembro polo que se declarou BIC a Fábrica de Cervo:

Crterios básicos para a protección do ben de interese cultural .

A protección como ben de interese cultural da Fábrica de Sargadelos ligada ao Laboratorio de Formas en Cervo (Lugo) terá como principal obxectivo recoñecer e garantir a importancia da propia actividade industrial e o seu desenvolvemento normal, incorporando a posibilidade do seu crecemento e ampliación sustentable dentro dunhas adecuadas condicións para a conservación dos seus valores culturais, que serán tamén unha referencia principal para as actuacións que poidan desenvolverse.

En consecuencia, os usos e intervencións que se realicen no monumento ou no seu contorno serán por obxecto o mantemento da actividade industrial e cultural para a cal foron deseñados. As actividades e intervencións que teñan por obxecto ampliar ou mellorar as condicións de produción industrial da cerámica de Sargadelos serán admisibles, sempre que se desenvolvan con respecto de todos os elementos identificados na declaración, garantindo a súa conservación e a súa interpretación tanto cultural coma funcional.

Non é razoable que o xermolo, a matriz do inmenso proxecto cultural e industrial de Isaac Díaz Pardo quede sen o recoñecemento de Ben de Interese Cultural no seu conxunto, limitando a declaración BIC a unha parte do complexo (museo Carlos Maside) e deixando sen recoñecer o resto das singularidades construtivas, espaciais e funcionais que sobreviven, dos lugares que albergaron Edicións do Castro, os laboratorios, os cursos internacionais de cerámica...

5.- Polo valor patrimonial e cultural do conxunto do complexo.

Na Resolución de 1 de agosto, despois de recoñecer que o edificio do Museo “forma parte do complexo cultural formado pola fábrica de Cerámicas do Castro do grupo Sargadelos, a imprenta que editaba Edicións do Castro e uns laboratorios onde se realizaban seminarios e cursos internacionais”, ditas edificacións non se categorizan como BIC xa que aínda formando parte dese conxunto “non se evidencia, cando menos na súa intensidade, a confluencia de tantas influencias arquitectónicas de vangarda e propostas construtivas, espaciais e funcionais tan singulares e a integración de diferentes disciplinas da arte que caracterizan o edificio do museo..”.

Tal conclusión e efectos (de non categorización BIC a esas edificacións) non se axusta nin aos antecedentes e circunstancias históricas de ditas edificacións nin á súa significancia nin, en especial á consideración de conxunto que ten (e así se recoñece expresamente) o conxunto do complexo de Cerámicas do Castro.

En primeiro lugar, o conxunto das edificacións de Cerámicas do Castro constitúen un complexo, non so pola continuidade da súa base territorial, senón especialmente pola confluencia dos seus antecedentes de xeración de proxecto e conformación de valores patrimoniais e culturais aos que antes se fixo referencia.

En segundo lugar, que dentro dun complexo existan edificios de maior intensidade de valor patrimonial que outros, non impide a categorización BIC do seu conxunto nin tampouco, de ser o caso, a diferenciación de niveis de protección dos distintos elementos que a compoñen (distinto e desagregado nivel de protección que, en determinados supostos, expresamente se ampara na LPCG no seu art. 41.2) nin a potestade de atribuír e concretar especificamente na Resolución BIC as actuacións autorizables para cada elemento constitutivo do complexo.

Con independencia do anteriormente indicado, e no suposto de non considerarse a cualificación BIC coa categoría de monumento para as restantes edificacións, procedería a consideración de BIC do conxunto do complexo coa categoría de sitio histórico (coa adicional de monumento para o edificio do Museo, ao amparo do art. 10.2 LPCG).

Categoría de sitio histórico para o complexo de Cerámicas do Castro que axústase á caracterización que para tal categoría BIC establece a LPCG no seu art. 10.1.c) : “o lugar vinculado a episodios relevantes do pasado, a tradicións populares ou a creacións culturais singulares de interese histórico, paleontolóxico, sempre que estea relacionado coa historia humana, etnolóxico, antropolóxico ou científico e técnico”.

Están suficientemente acreditadas e fundamentadas as razóns polas que cabe cualificar como “creación cultural singular” o Complexo de Cerámicas do Castro, así como a mais que evidente relación e afectación históricas desde o seu inicio co patrimonio cultural de Galiza.

Por todo o anteriormente exposto, **SOLICITAMOS** que se dean por presentadas as presentes alegacións, que se teñan en conta no sentido de que se estenda a declaración BIC, ás edificacións do conxunto do complexo de Cerámicas do Castro, incluídas as do taller cerámico orixinario nas antigas cocheiras do pazo; subsidiariamente, que,

mantendo a categoría BIC de monumento ao edificio do Museo, se categorice coa categoría de sitio histórico o conxunto do complexo de Cerámicas do Castro.

Así mesmo, **SOLICITAMOS** que os informes que se soliciten, tanto á Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario coma ao Consello da Cultura Galega, se refiran ao conxunto do complexo de Cerámicas do Castro e non exclusivamente ao Museo.

En Sada, a 11 de setembro de 2023

Asdo. Manuel Pérez Lorenzo,
Presidente da Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo.

AO DIRECTOR XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, F.P. E UNIVERSIDADES